

Programación didáctica 2022-2023

EPVA –LOMCE BACH-LOMCE

**DEPARTAMENTO DE ARTES
PLÁSTICAS**

I.E.S. ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	1
ANÁLISIS DO CONTEXTO	2
2. EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL	3
COMPETENCIAS CLAVE: CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	3
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	3
3. OBXECTIVOS XERAIS	4
4. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA E.P.V.A.....	5
5. OBXECTIVOS XERAIS POR CURSO	7
6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE PARA O CURSO 4º DE E.P.V.A. LOMCE	8
RELACIÓN DE GRAO MÍNIMO, TEMPORALIZACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 4º DA ESO	12
7. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES, PROCEDEMENTOS CO.....	16
8. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA	17
• Motivación	17
• Responsabilidade e participación	17
• Autonomía	17
• Aprendizaxe significativa	17
• Intelixencia creativa	17
9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	19
10. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	19
11. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA ESO	20
12. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.	21
13. PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.	22
• Contidos esixibles	22
• Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes.....	22
• Actividades de avaliación	22
• Criterios para superar as materias pendentes.....	22
14. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	22
1. MODELO PARA O PROFESORADO	23
2. MODELO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE	23
3. CUESTIONARIO SOBRE A AVALIACIÓN	25
4. CUESTIONARIO PARA O ALUMNADO	26
15. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.	26
16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	30
17. TEMAS TRANSVERSAIS	31

18. MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	34
19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES	36
20. ACCIÓN PARA O PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs.....	37
21. PROXECTO LECTOR DO CENTRO	37
2º DE BACHARELATO.....	39
22. INTRODUCCIÓN.....	39
23. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO	39
24. PROGRAMACIÓN PARA DEBUXO TÉCNICO DE 2º DE BACHARELATO.....	41
Obxectivos do curso	41
25. DEBUXO TÉCNICO 2º BACHARELATO LOMCE.....	42
Relación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave ..	42
26. RELACIÓN DE ESTÁNDARES, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, TEMPORALIZACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	47
27. RELACIÓN DE ESTÁNDARES, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CO PESO NA NOTA.....	51
28. METODOLOXÍA	51
29. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO	52
30. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NO BACHARELATO	53
31. CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA PENDENTE	54
32. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NOS CONTIDOS PROGRESIVOS.....	55
33. CRITERIOS DE PROMOCIÓN	55
34. BACHARELATO SEMIPRESENCIAL	56
O currículo de Debuxo Técnico II será o mesmo que para o bacharelato presencial	56
DEBUXO TÉCNICO II	56

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Educación plástica visual e audiovisual faise imprescindible na Educación Secundaria partindo da necesidade do alumno de desenrolar as capacidades de expresión, análise crítica, apreciación e creación de imaxes.

Este desenrolo fáise máis necesario a medida que aumenta a súa relación co entorno social e cultural que o rodea, un entorno sobreesaturado de información visual, ata o punto de que este feito marca a nosa época.

Esta asignatura experimentou durante os últimos decenios uns cambios espectaculares, non tanto na cantidade de novos contidos como na evolución de novas técnicas e novos medios a través dos que se desenrola.

O acceso ó mundo das imaxes, as súas posibilidades de manipulación a través de medios informáticos cada día máis universais, a facilidade na creación de novas formas, a popularización dos novos instrumentos para a creación artística como son o ordenador, a fotografía dixital, a cámara de vídeo, etc., e novos medios, a través dos que se desenrola.

È indispensable tomar conciencia da necesidade de traballar a partir do entorno do alumno, o mundo cotián das imaxes que lle proporciona a natureza, a actividade e a creación humana a través da pintura, a publicidade, a arquitectura, o deseño gráfico e industrial, a escultura, etc., coma tamén as imaxes visuais cada vez máis absorbentes transmitidas polos distintos medios: Internet, cine, vídeo, fotografía y evidentemente a televisión.

A referencia básica sobre a que se pode traballar será que os nosos alumnos asimilen todo este universalizado entorno cunha actitude reflexiva e crítica, e que teñan a capacidade de elaborar novas propostas de traballo, crear e experimentar.

Coma en calqueira outra linguaxe, a linguaxe plástica e visual necesita de dous interrelacionados de comunicación: saber ver para comprender e saber facer para expresarse, coa finalidade de comunicarse, producir, crear e coñecer mellor a realidade e a un mesmo para transformala e transformarse, en definitiva: para humanizar a realidade e ao propio ser humano como eixe central da mesma.

Saber ver para comprender implica a necesidade de educar na percepción, supón ser capaz de valorá-la información visual recibida nunha comprensión estética que permite chegar a conclusións persoais de aceptación ou rexeitamento segundo a propia escala de valores e, ademáis poder emocionarse a través da inmediatez da percepción sensorial para analizar despois a realidade, tanto natural coma social de maneira obxectiva, razonada e crítica.

A adquisición destes coñecementos servirá para que se podan crear mecanismos analíticos que fagan de filtro para todo o que antes era asimilado de maneira irreflexiva e inconsciente. O segundo nivel permitirá favorecerlo desenrolo da súa sensibilidade estética e disfrutar de todo aquilo que lle ofrece o entorno visual e plástico.

E precisamente a capacidades de disfrutar de todo esto o que se ten que buscar coma obxectivo para os nosos alumnos, permitirá estimular o alumno a adquisición de conceptos sinxelos e doutros máis complexos.

Ao mesmo tempo a educación plástica e visual ten que incidir na formación de códigos éticos, que preparen ao alumno coma futuro cidadano no uso correcto na comunicación audiovisual. Saber facer para expresarse necesita do saber interior e pretende que o alumnado desenrole unha actitude de indagación, produción e creación.

ANÁLISIS DO CONTEXTO

Situación xeográfica

O IES “Antón Losada Diéguez foi creado como centro de FP no ano 1980. Está ubicado no complexo educativo na rúa da Cultura e que comprende outros dos centros: o “IES N°1”, con ESO e o “IES Manuel García Barros”, con ESO e Bacharelato, ademáis da Academia Galega de Seguridade, piscinas municipais, campo de fútbol, pavillóns de deporte e as instalacións da Fundación de Exposicións e Congressos de A Estrada.

Entorno socio-económico e alumnado

A procedencia xeográfica do alumnado do Instituto é moi diversa, pero a tendencia de recibir alumnos do entorno de A Estrada. A maior parte son do rural e os seus país están vinculados a traballos de carácter industrial e artesanal, relacionados coa agricultura, construción, etc. Se percibe unha clara influencia familiar na elección dos estudos, limitados na duración temporal e próximos xeográficamente. A frecuente colaboración coa súa familia na explotación familia dificulta, nalgúns casos, unha adicación máis intensa ao estudio e ás tarefas escolares.

Os alumnos teñen limitacións de acceso a elementos culturais existentes centrados no mundo urbano. Fan habitualmente uso do galego.

A continuidade dos estudos de Formación Profesional, na súa modalidade específica é a que determina a permanencia nun sector de alumnos con características similares as indicadas. A introducción dos Ciclos Superiores, con acceso a partir dos bacharelatos ou incluso dende estudos universitarios, supón a achegada ao centro dun alumnado máis cualificado e maduro.

É moi difícil facer actividades fóra do horario escolar polo feito da situación xeográfica das vivendas dos alumnos e a súa dispersión característica do rural galego, supeditando ao alumno a utilización do transporte escolar cada vez que quere desplazarse ao centro, esto produce unha ruptura entre o ámbito familiar e escolar.

Características do centro

Datos identificativos do centro

O Instituto ten a denominación de “IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ” centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de la Xunta de Galicia.

Dirección R/ da Cultura s/n. A Estrada. Pontevedra. C.P.:36680

Teléfono e Fax 986 570 336 / 986 570 051

E-mail: ies.losadadiequez@edu.xunta.es / Páxina Web: <http://centros.edu.xunta.iesantonlosada/>

Financiamento

Trátase dun centro de titularidade pública e financiado na súa totalidade pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e cofinanciado polo Fondo Social Europeo no que se refire aos Ciclos Formativos e ao Departamento de Orientación.

Dependencias e servizos

- Aulas: 9 xerais, 3 de linguas, 1 de debuxo, 1 de tecnoloxía (ESO), 1 de matemáticas, 1 de música, 1 de xeografía e historia.
- Laboratorio de bioloxía
- Aula-laboratorio de física e química.
- Aula de Informática
- Ciclo Administrativo: 2 aulas de informática , 1 aula de teoría
- Ciclo Electrónica: 2 aulas-laboratorio
- Ciclo Automoción: 2 talleres, 2 aulas
- Sala de medios audiovisuais. Salón de actos
- Biblioteca
- Ximnasio que conta con vestiarios e duchas.
- Pistas de deportes
- Departamentos (varios despachos)
- Sala de reunión para recepción de pais e alumnos
- 1 despacho para impartir clases de apoio
- 3 despachos: director, vicedirector, xefes de estudos e Departamento de Orientación.

2. EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL

COMPETENCIAS CLAVE: CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave: As competencias clave do currículo serán as seguintes: a) Comunicación lingüística (CCL). Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Competencia dixital (CD). Aprender a aprender (CAA). Competencias sociais e cívicas (CSC). Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

- Competencia en Comunicación lingüística (CCL): na asignatura utilízase un léxico específico que contribúe ao enriquecemento da linguaxe do alumno, ademais os alumnos presentarán oralmente polo menos un tema relacionado co noso currículo o cal incidirá na súa capacidade de expresión oral.
- Competencia Matemática e Competencia básica en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT): as partes do temario declarados a xeometría plana relaciónanse directamente coas matemáticas.
- Competencia Dixital (CD): os contidos de comunicación audiovisual suponen que o alumno terá que manexar ferramentas e programas informáticos, así como almacenar sus e subir a nube as súas producións.

- Competencia para Aprender a Aprender (CAA): a EPVA ten a posibilidade de encontrar outras formas de facer a partir das actividades que se propoñen.
- Competencia Social e Cívica (CSC): participarse a nivel persoal e interpersonal na interpretación de fenómenos e problemas sociais para dende os propios coñecementos elaborar respostas, tomar decisión, resolver problemas, será necesario coñecer e empregar as principais técnicas, materiais, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas para deseñar proxectos individuais ou cooperativos dende o respecto mútuo, a empatía, a tolerancia, a democracia e a igualdade entre as distintas identidades defendendo os dereitos humanos.
- Competencia do Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE): os alumnos de EPVA poden aportar outras solucións as actividades propostas.
- Competencia de Conciencia e expresións Culturais: na asignatura de EPVA trátase de potenciar as aptitudes artísticas dos alumnos e respetar e valorar todo tipo de manifestacións artísticas.

3.OBXECTIVOS XERAIS

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respetar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA E.P.V.A

A materia de Educación Plástica e Visual xunto coa de Música forma parte, dentro do currículo xeral da E.S.O. do que poderíamos denominar ensinanzas técnico artísticas.

De forma xeral e de cara á consecución dos obxectivos específicos e das competencias básicas se propoñen os seguintes obxectivos xerais:

- **A creatividade** forma parte meridiana de todo proceso intelectual ou de aprendizaxe e polo tanto é necesaria para unha completa maduración intelectual. Propoñemos a promoción e potenciación da intelixencia creadora mediante a realización de experiencias e traballos nos que a imaxinación sexa o motor que facilite a consecución de resultados artísticos expresivos dotados de emocións e personalidade propia ou de deseños orixinais e innovadores.
- **A visión espacial** e tamén parte esencial da maduración intelectual. A interpretación do espazo tridimensional e a súa correcta plasmación nunha superficie bidimensional forman parte do obxectivo de aprender a ver. A análise obxectiva das formas no espazo e a súa correcta representación artística e técnica será un obxectivo central do departamento.
- **As habilidades técnicas e artísticas** serán o recurso para a correcta plasmación das propostas creativas ou da representación formal obxectiva. Neste senso se procurará fomentar a destreza na utilización dos materiais e na aplicación axeitada das diferentes técnicas artísticas e de debuxo.

- **A análise crítica das manifestacións visuais**, tanto artísticas como técnicas, e de diferentes culturas e épocas históricas como fundamento da creación propia e da elaboración de traballos persoais contextualizando e adaptando a linguaxe a uns obxectivos fixados en relación coa finalidade última do feito comunicativo. Incidirase de forma especial nas expresións artísticas e técnicas que lles son propias.
- **As novas tecnoloxías** serán aplicadas na creación de traballos para familiarizar ao alumnado coas novas técnicas e programas informáticos de creación técnica, artística, audiovisual e multimedia.
- **A preparación para abordar estudos ou actividades posteriores** e afrontalos con éxito, no relativo aos coñecementos destrezas e habilidades propias da materia. Unha sorte de *propedéutica* que facilite ao alumnado a integración en diferentes actividades profesionais ou nas distintas opcións educativas ás que poden acceder ao rematar a ESO.
- **A transversalidade, a atención á diversidade** e a humanidade como eixos de actuación para fomentar no alumnado unha visión integradora, cívica e global do feito educativo dentro do marco social no que se integra o proceso. Trátase de que, partindo sempre dunha conciencia crítica, se formen como individuos responsables e consecuentes nun marco óptimo de convivencia e cooperación construtiva que defina intereses, motivacións e esforzos.

5.OBXECTIVOS XERAIS POR CURSO

Estrutturamos a distribución dos contidos da materia nos diferentes cursos adaptándoos en cada momento á madurez intelectual e as capacidades que corresponderían, previa avaliación inicial, a cada etapa da aprendizaxe. Respéctase a secuencia de contidos a modo de bloques descrita no *Decreto 133/2007, do 5 de xullo* aínda que a distribución dos mesmos non se fai como “compartimentos estancos”, distribuíndose e organizándose de forma transversal ao longo da programación.

O **cuarto curso** ten grande relevancia como preparatorio para a realización de estudos posteriores polo que se intentan cubrir as necesidades relativas a estudos artísticos, técnicos ou profesionais. Plantexamos a constante interacción entre traballos artísticos, técnicos e de deseño. Potenciaremos tamén as ferramentas informática, multimedia e creación audiovisual.

6. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAJE AVALIABLE PARA O CURSO 4º DE E.P.V.A. LOMCE

**Cadro de Estándares, competencias clave , obxectivos , contidos , criterios de
avaliación , grao mínimo , temporalización , procedementos e instrumentos de
avaliación Educación Plástica e Visual – 4º da E.S.O.**

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Expresión plástica				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Leis da composición. ▪ B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza. ▪ B1.4. Cor como ferramenta simbólica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais. ▪ B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias. ▪ B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ e ▪ g ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva). ▪ B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplica a produción de proxectos persoais e de grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ f ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. ▪ B1.11. Análise de distintas obras 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.	un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuir á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.	constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. ▪ EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	▪ CSIEE ▪ CCEC
Bloque 2. Debuxo técnico				
▪ b ▪ f ▪ g ▪ n ▪ o	▪ B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. ▪ B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia. ▪ B2.3. Tanxencias e enlaces. ▪ B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.	▪ B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.	▪ EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.	▪ CAA ▪ CMCCT
			▪ EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	▪ CAA ▪ CMCCT
			▪ EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	▪ CAA ▪ CMCCT
			▪ EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplicación á creación de deseños persoais.	▪ CAA ▪ CMCCT
▪ b ▪ f ▪ g ▪ o	▪ B2. 5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. ▪ B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico. ▪ B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. ▪ B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. ▪ B2.9. Perspectiva cónica central. ▪ B2.10. Perspectiva cónica oblicua. ▪ B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.	▪ B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.	▪ EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	▪ CAA ▪ CMCCT
			▪ EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	▪ CAA ▪ CMCCT
			▪ EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	▪ CAA ▪ CMCCT
			▪ EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	▪ CAA ▪ CMCCT
▪ b ▪ e ▪ i ▪ o	▪ B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.	▪ B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.	▪ EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	▪ CAA ▪ CMCCT
Bloque 3. Fundamentos do deseño				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ f ▪ h ▪ l	▪ B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.). ▪ B3. 2. Fases do proceso de deseño. ▪ B3.3. Análise da estética e a	▪ B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras	▪ EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.	▪ CSIEE ▪ CCEC
			▪ EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de	▪ CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>funcionalidade do deseño industrial de obxectos.</p> <ul style="list-style-type: none"> B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico. 	<p>propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.</p>	<p>funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> c e g i 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Campos de aplicación do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
<ul style="list-style-type: none"> b e f i 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. B3.10. Planificación dun proxecto artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CCEC
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia				
<ul style="list-style-type: none"> a h n ñ 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. B4.2. Realización dun storyboard. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> e l n o 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine. B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
<ul style="list-style-type: none"> a e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Creación dixital de imaxes. B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD CSIEE CCEC
<ul style="list-style-type: none"> a c d f h n o 	<ul style="list-style-type: none"> B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Aposar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial. 	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSIEE CCEC

RELACIÓN DE GRAO MÍNIMO, TEMPORALIZACIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA 4º DA ESO

4º da ESO				Procedementos e instrumentos de avaliación
	Temporalización por avaliación			P: PROCEDIMENTO
	1ª	2ª	3ª	
				E: INSTRUMENTO
GRAO MÍNIMO B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.			X	Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate Análise de traballos e execicios Autoavaliación
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de 				Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate

superación que supón o proceso creativo.	X	Análise de traballos e exercicios Autoavaliación
B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.	^	Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate Análise de traballos e exercicios Autoavaliación

B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo como fonte de riqueza na creación artística.				Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate
	X	X		Análise de traballos e execucios Autoavaliación
B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e satisfacción individual e colectiva e comunicación e				Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate
	X			Análise de traballos e execucios Autoavaliación
B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico				Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate
	X	X		Análise de traballos e execucios Autoavaliación
B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría				Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate
	X	X		Análise de traballos e execucios Autoavaliación
B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación				Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate
			X	Análise de traballos e execucios Autoavaliación
B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de distinguir e valorar as súas fases creativas, en obras propias e alleas, e				Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate Análise de traballos e execucios Autoavaliación
			X	X
B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño				Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate Análise de traballos e execucios Autoavaliación
			X	
B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais				Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate
			X	X
B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando				Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate Análise de traballos e execucios Autoavaliación
				X
B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades.				Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate Análise de traballos e execucios Autoavaliación
				X
B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos				Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate

vinculados a estas linguaxes	X	Análise de traballos e exercicios Autoavaliación
B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan		Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate
discriminación sexual, social ou racial.	X	Análise de traballos e exercicios Autoavaliación

7. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES, PROCEDEMENTOS CO PESO DA NOTA en 4º da ESO

4º ESO

Educación Plástica, Visual e Audiovisual da ESO, 4º curso		
Estándares	Procedemento e instrumento	% Peso en la nota
EXPRESIÓN PLÁSTICA EPVAB.1.1.1, 1.2.1,1.2.2,1.2.3,1.3.1,1.3.2,1.4.1,1.5.1,1.5.2	Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate Análise de traballos e exercicios	25%
DEBUXO TÉCNICO EPVAB.2.1.1, 2.2.2,2.2.3,2.2.4,2.3.1	Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate Análise de traballos e exercicios	25%
FUNDAMENTOS DO DESEÑO EPVAB3.1.1,3.1.2,3.2.1,3.3.1,3.3.2,3.3.3,3.3.4,3.3.5	Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate Análise de traballos e exercicios	25%
LINGUAXE AUDIOVISUAL MULTIMEDIA EPVAB4.1.1,4.1.2,4.2.1,4.2.2,4.2.3,4.3.1,4.3.2,4.3.3,4.4.1	Rexistro/observación sistemática Posta en común/debate Análise de traballos e exercicios Autoavaliación	25%

8. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Co fin de que o alumnado poida acadar uns resultados académicos óptimos na materia, a actuación metodolóxica centrarase en potenciar e fomentar os seguintes principios básicos.

- **Motivación**

É fundamental para que o alumnado faga o esforzo necesario que lle permita acadar resultados satisfactorios. Será necesario adaptar permanentemente contidos, esixencias e propostas de traballo para que cada quen poida atopar a motivación necesaria. Un alumno motivado tende a concentrarse no traballo, a procurar solucións persoais e a facer todo o esforzo que necesita no proceso de aprendizaxe. Para facer isto posible procuraremos estratexias de dinamización de grupo, de flexibilidade e experimentación e de atención persoal que eviten a dispersión e a falta de interese. Temos que sinalar que mesmo cando temos un ambiente de traballo favorable na aula as dificultades para vencer resistencias e actitudes pasivas veñen de factores externos en ocasións difíciles de superar.

- **Responsabilidade e participación**

Fomentaremos a responsabilidade no traballo diario como forma de autonomía e autocrítica que contribúa a reforzar o compromiso social, a auto-estima e a participación. O alumnado responsable tende a motivarse e motivado tende a responsabilizarse. Buscaremos estratexias que impliquen ao alumnado na toma de decisións na aula, na realización de propostas e distribución de traballo e na realización de tarefas comúns.

- **Autonomía**

Potenciaremos a autonomía do alumnado como forma de auto-aprendizaxe que reforce motivacións e responsabilidade. No plan de traballo incluiremos sempre como necesidade, a de aportar solucións persoais, orixinais e innovadoras que pasen pola busca de información, de materiais axeitados e a síntese de ideas de cara ao resultado final.

- **Aprendizaxe significativa**

Escolleremos temas e propostas de traballo que resulten de interese suficiente para que asente o proceso de aprendizaxe, potencie capacidades concretas e sexa percibido como útil, realista e fondamente vivido.

- **Intelixencia creativa**

A creatividade é parte esencial dos procesos de innovación que procuran desenvolver solucións novas e orixinais. Tanto nas artes como nas actividades técnicas e científicas como en calquera outra na que se precise da achega de solucións creativas, a iniciativa innovadora é parte esencial do proceso. Coa finalidade de potenciar as capacidades e habilidades propias da intelixencia creativa trataremos de fomentar os procesos do pensamento diverxente e a imaxinación mediante propostas de traballo que sigan un esquema preparación-incubación, análise lóxica e intuitiva, fase crítica ou diverxente, intimación, síntese, verificación e deseño.

A materia de Educación Plástica e Visual e fondamente instrumental e experimental. Partindo dunha avaliación inicial á exposición de cada tema e proposta de traballo partirá sempre dunha posta en común na que se expoñerán as razóns conceptuais e prácticas ofrecendo un porqué claro e pautado para o proceso, a información e os recursos e materiais necesarios. En ningún caso deberán quedar no aire estas razóns primeiras que inciden na motivación e na aprendizaxe significativa. O método

expositivo, sempre participativo, poderá apoiarse na achega de materiais propios, na procura de información en rede, no emprego de ferramentas informáticas, multimedia e na inclusión das TIC no proceso. En todos os cursos incluíranse actividades que inclúan materias transversais, ou que potencien a comprensión lectora, a convivencia e o traballo en grupo.

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O departamento elabora materiais de traballo que facilita ao alumnado periodicamente. Non existe un libro de texto específico para esta materia, polo que as cuestións teóricas resolveráanse a través de fotocopias e apuntes tomados en clase das explicacións do profesor. O profesor aportará material fotocopiado ós alumnos para aqueles traballos que considere necesario a ás páxinas web onde acadar a información necesaria.

O aula de debuxo conta actualmente co seguinte material didáctico do que cabe destacar:

- 1 ordenador de aula cun canón proxector e taboleiro dixital
- Impresora láser
- Taboleiro tradicional
- 2 tórculos de grabado con punzóns para grabado en linóleo
- Bibliografía diversa sobre E.P.V. e Debuxo Técnico.
- Mesas de debuxo
- Ordenadores
- Cabaletes

10. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Levarase a cabo a avaliación coas calificacións procedentes de probas específicas de avaliación, terase en conta as tarefas dos traballos realizados ao longo da mesma sendo necesarias para superar a materia. Ao final do 3º trimestre, o alumnado con algunha avaliación pendente terá acceso a unha proba final de recuperación, previa á Avaliación Final.

As actividades iniciais de cada unidade ofrecen elementos suficientes para realizar o diagnóstico da situación dos alumnos (avaliación inicial).

As actividades de estudo inclúen exercicios que pretenden mellorar a acción docente mediante a continua observación e reflexión conxunta (avaliación formativa).

Á hora de establecer contidos nunha proba escrita haberá que valorar en igual medida a adquisición de coñecementos teórico-memorísticos como a capacidade crítica e valorativa que o alumno sexa capaz de desenvolver á hora de enfrontarse con distintas fontes, o que supón o permanente seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe procurando datos obxectivos suficientes. De forma xeral, terase en conta a distancia entre motivación, esforzo creativo, actitudes, corrección técnica e competencias e obxectivos propostos; valorando en cada caso circunstancias individuais e méritos singulares que sirvan para apreciar de forma obxectiva certa ou non certa ponderación.

Como instrumentos concretos para avaliar poderanse contemplar os seguintes:

- Análise de traballos realizados na clase
- Análise de traballos propostos para realizar fóra da clase.
- Proxectos a desenvolver individualmente ou en grupo
- Cuestionarios e test
- Probas e exames escritos
- Probas orais
- Resolución de exercicios e problemas
- Entrevistas, conversacións e debates

11. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA ESO

Para cualificar teranse en conta os seguintes criterios:

- Motivación independente de circunstancias externas.
- Responsabilidade e autonomía.
- Participación e propostas.
- Iniciativa e interese.
- Resolución creativa.
- Apartacións e traballo en grupo.
- Presentación e acabado dos traballos.
- Nivel de execución e técnica empregada.
- Resultados en probas e exames

Realizarase alomenos un ou dous traballos (poden ser probas) por avaliación.

Tamén se terá en conta a realización de tarefas e actividades a diario, tanto na clase como na casa.

Considerando que non todos os procedementos de avaliación poden ter o mesmo valor na nota final, o valor ponderativo que se lle asigna a cada un deles será o seguinte:

1. Traballos e Proxectos realizados na clase e na casa: **90%**
Se fora necesario realizar algunha proba (exame), o peso distribuiríase: 40% para as probas e 50% para os traballos e proxectos
2. Tarefas e participación na clase de maneira positiva: **10%**

A nota da avaliación será o resultado da suma das notas obtidas aplicando as porcentaxes correspondentes segundo se describe nos puntos anteriores.

O resultado da aplicación dos criterios e instrumentos de avaliación expresarase en cada un dos trimestres e ao rematar o curso mediante unha escala de cualificación de 1 ao 10, obtendo o aprobado a partires do 5 (inclusive).

As correccións que realice o profesor sobre exames, tarefas, exercicios e traballos dos alumnos serán coñecidas por estes sempre que sexa posible, por isto o profesor mostrará os exercicios unha vez corrixidos, considerarase de obrigado cumprimento no caso de probas obxectivas.

Faráse unha **RECUPERACIÓN** ao final do 3º trimestre, no que se poderán recuperar as **avaliacións non superadas** mediante os mesmos instrumentos de avaliación que se utilizaron nas correspondentes avaliacións (puidendo ser Exame, Traballo e Proxecto; mínimo un deles).

SUPERACIÓN DA MATERIA:

Considerarase superada a materia se a nota media das 3 avaliacións é igual ou superior a 5

12. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Seguiranse os criterios de avaliación vixentes sobre avaliación, promoción e titulación na E.S.O.

13. PLANS DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O alumnado con materias pendentes terá que acadar as competencias e obxectivos mínimos expostos na presente programación en calquera das convocatorias previstas para avaliar a materia.

• Contidos esixibles

Os contidos esixibles están en relación co grao mínimo e os obxectivos mínimos xerais establecidos na presente programación para cada curso ordinario. En todo caso teranse en conta o grao de cumprimento das competencias e outras circunstancias que poidan ser tidas en consideración como elemento positivo de cara a valorar o esforzo realizado.

• Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes.

Durante o curso farase un seguimento de dito alumnado para que poida superar os obxectivos previstos facilitándolles periódicamente material de traballo e avaliando as actividades que vaian realizando, incidindo principalmente nos apartados nos que presenten máis dificultades.

• Actividades de avaliación

As actividades de avaliación consistirán na análise de traballos, en entrevistas e probas ou exames que sirvan para valorar o grao de cumprimento dos obxectivos marcados.

• Criterios para superar as materias pendentes

Dependendo das circunstancias do alumno podemos establecer diferentes criterios para a superación da materia pendente.

No caso de alumnos que teñen a mesma materia no curso actual e teñen que recuperar a pendente doutro curso terase en conta a progresión da materia no actual curso. Observaranse as relacións nos contidos de cada curso e a súa implicación na consecución das competencias para ponderar na avaliación e nos resultados acadados aqueles que sexan máis ou menos independentes ou que garden relación directa e necesaria para superar a materia. Tendo en conta estas circunstancias estableceranse criterios que relacionen a cada apartado da materia nos distintos cursos para avaliar obxectivamente os resultados.

No caso de materias non existentes no curso inmediatamente anterior teranse en conta os criterios de avaliación e cualificación do curso correspondente e os obxectivos mínimos en relación co grao de cumprimento das competencias.

En todo caso, o alumno terá que acadar na materia pendente as competencias e obxectivos mínimos establecidos no curso correspondente.

Se o alumno non acadara os obxectivos mínimos ao longo do curso poderá optar a unha proba ordinaria no mes de Maio e unha extraordinaria no mes de Xuño.

14. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

1. MODELO PARA O PROFESORADO

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSONAL
Temporalización das Unidades Didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariade			

2. MODELO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE

DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
▪ Informo os alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación				
▪ Informo as familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.				

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Formulo situacións introdutorias previas o tema que vou tratar. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Estimulo a participación dos alumnos a partir das súas experiencias. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comunico a finalidade dos aprendizaxes, a súa importancia, utilidade e aplicación na vida real. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Presento os contidos dando unha visión xeral do tema 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, exemplificando.. ▪ Á hora de seleccionar as actividades, teño en conta que existen diferentes tipos de ritmos e intereses. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Formulo actividades variadas. -Introdución. -Desenvolvemento -Consolidación. -Reforzo. -Ampliación 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Nas actividades que proponho hai equilibrio entre as actividades individuais e as actividades grupais 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Á hora de constituír grupos reducidos , teño en conta os seguintes criterios: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Fágoos a sorteo. ▪ Fago os grupos por niveis. ▪ Fago grupos nos que os seus membros teñen distintos niveis 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Á hora de realizar as actividades teño en conta as “dinámicas cooperativas2 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprego técnicas metodolóxicas variadas: expositiva, investigadora 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprego medios técnicos audiovisuais. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprego recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos...) tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprobo que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, estimulando a que verbalicen o proceso durante a realización das tarefas. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións.. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reviso e corrijo frecuentemente as actividades propostas na clase e para a casa. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proporciona información o alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, proponho novas actividades que faciliten a súa adquisición. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ No caso de que os logros acadados sexan suficientemente acadados nun breve período de tempo, proponho novas actividades que faciliten un 				

maior grao de adquisición.				
▪ Propoño actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución				
▪ Adopto medidas de apoio para o alumnado que presenta desfase curricular ou dificultades de aprendizaxe.				
▪ Coordínome coa profesora de apoio para a adecuación de contidos, actividades, metodoloxía, recursos e adaptalos os alumnos con dificultades				
▪ Teño en consideración as orientacións do departamento de orientación na adopción de medidas a adoptar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.				

Código: 1 (nunca); 2 (poucas veces); 3 (case sempre), 4 (sempre).

3. CUESTIONARIO SOBRE A AVALIACIÓN

SOBRE A AVALIACIÓN	1	2	3	4
<ul style="list-style-type: none"> • Participo activamente nas sesións de avaliación, á hora de tomar decisións colexiadas no tocante a: • Promoción do alumnado. • Adopción de medidas de atención á diversidade. • Elaboración do Consello orientador 				
• Teño en conta o procedemento xeral de avaliación en relación coestablecido na programación				
• Realizo unha avaliación inicial a comezo de curso, o comezo de cada unidade didáctica.				
• Establezo criterios obxectivos para avaliar o aprendizaxe do alumnado				
• O alumnado coñece os criterios de avaliación e de cualificación que se empregan				
• O avaliar unha actividade en equipo, ademais da cualificación global, cada membro do grupo obtén outra individual que é reflexo da súa contribución persoal.				
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizo diferentes rexistros de recollida de datos. - Listas de control. - Escalas de valoración. - Anecdario. - Diarios de clase. 				
<ul style="list-style-type: none"> • Emprego diferentes procedementos e instrumentos de avaliación: • Coherentes cos estándares de aprendizaxe . • Adaptados a diversidade dos alumnos. • Diferentes según os contidos tratados 				
• Utilizo diferentes medios para informar as familias, ó profesorado e o alumnado dos resultados da avaliación				
• Emprego a autoavaliación do alumnado				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(semprre).

4. CUESTIONARIO PARA O ALUMNADO

INDICADORES	1	2	3	4
• Fago con regularidade as tarefas propostas polo profesorado.				
• Entrego os traballos según as indicacións dadas polo profesorado e na data acordada				
• Participo activamente (aporto ideas, axudo a resolver problemas, realizo a miña parte do traballo) nos traballos propostos en equipo.				
• Pregúntolle o profesorado as dúbidas..				
• Solicito a axuda e a aprobación frecuente do profesorado.				
• Estou satisfeito do meu traballo				
• As cualificacións obtidas reflicten o meu esforzo e traballo.				
• Asisto regularme a clase.				
• Teño frecuentemente faltas de puntualidade				
• Xustifico os meus retrasos e faltas de asistencia o/a titor/-a				
• Preocúpome por poñerme o día na materia cando falto a clase.				
• Adoito unha actitude respectuosa co profesorado.				
• Adoito unha actitude respectuosa co alumnado.				
• Asumo responsabilidades.				
• Teño unha actitude positiva cara o estudo				
• O que aprendo nunha materia aplícoo e relaciónoo con outras.				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(semprre).

15. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Para coñecer no momento inicial do curso a situación de partida do alumnado e axustar as estratexias didácticas en función do grao de competencia ou das carencias detectadas no alumnado faranse as seguintes actuacións de cara á avaliación inicial:

Procuraranse os informes correspondentes do Departamento de Orientación do centro relativo a datos de interese relacionados con novas incorporación, alumnos procedentes do estranxeiro, alumnos con problemas de aprendizaxe, discapacidade ou con necesidades educativas especiais, etc; para proceder a valorar e, no seu caso, realizar as previsións correspondentes de cara a unha atención personalizada, reforzo ou a unha adaptación curricular.

Procurarase información de interese e/ou destacable en relación coa contorna socio-familiar e da historia escolar do alumno que axuden a valorar as circunstancias do mesmo e a preparar posibles actuacións no axuste de actividades e na atención xeral ao mesmo.

Faranse propostas de traballo e probas iniciais orientadas a detectar o grao de competencia curricular en relación cos estándares e as competencias clave. Especialmente as relacionadas coa materia e de forma xeral con todas as establecidas. Prestaremos especial atención á de aprender a aprender, autonomía persoal, creatividade e ás relacionadas coa linguaxe e a matemática.

Nos primeiros momentos do curso prestarase especial atención a intereses, motivacións, actitudes, hábitos de traballo e habilidades sociais dos alumnos que permitan facer un diagnóstico e establecer as accións oportunas en cada caso.

Toda a información recompilada servirá para a posta en común e para levar propostas concretas de actuación na xunta de avaliación inicial de cada curso.

1 - MODELO DE REXISTRO DUN INFORME DE AVALIACIÓN INICIAL

INFORME AVALIACIÓN INICIAL			
MATERIA: EPVeA	GRUPO:	CURSO ACADÉMICO:	DATA:
Dificultades na materia de EPVeA: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Falta de capacidade. ▪ Falta de base académica. ▪ Problema de comprensión. ▪ Problema de expresión. ▪ Problemas de ejecución 			
Actitude cara a materia de EPVeA: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Traballo. ▪ Atención. ▪ Interese. ▪ Participación. ▪ Respecto 			
Medidas propostas como consecuencia dos resultados da Avaliación Inicial: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Reforzo educativo na aula. ▪ Control do traballo na aula. ▪ Fomentar a autoestima. ▪ Integración no grupo. ▪ Control de absentismo. ▪ Outras medidas a adoptar. 			

2 - MODELO DE GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN

GUIÓN PARA AS SESIÓNS DE AVALIACIÓN			
MATERIA: EPVeV	GRUPO:	CURSO ACADÉMICO:	DATA:
Información do titor/a sobre: <ul style="list-style-type: none"> • Información relevante dos informes individualizados. • Repetidores/as. • Ambiente sociocultural e familiar. • Outras informacións relevantes. • Problemas do grupo. 			
Intercambio de información entre o profesorado: <ul style="list-style-type: none"> • Primeiras impresións. • Resultados da avaliación inicial nas diferentes materias. • Detección de alumnado con dificultades de aprendizaxe. 			
Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> • Actividades de reforzo ou adaptación curricular, ampliación ou recuperación. • Axuste das programacións. • Outras medidas en relación coa convivencia, comportamento, asistencia... 			
Decisións e acordos sobre o proceso de avaliación inicial:			

O titor despois da sesión de avaliación, e a partir da información recompilada, cubrirá o Informe de avaliación inicial no XADE.

16. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para os casos con pequenas e moderadas dificultades observaremos a flexibilidade prevista na programación para adaptar os traballos e actividades e medios ao ritmo e capacidade do alumnado sen saírnos do grao mínimo e das competencias clave específicas. Tamén teremos en conta a metodoloxía empregada e, no posible, a atención personalizada necesaria, mesmo empregando tempo fora de clase e facendo actividades complementarias.

De contar con algún alumno ou alumna que teña necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade física, sensorial, sobredotación ou que necesite axudas técnicas e linguaxes alternativas, seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro. Todo o que se faga nesta asignatura será dacordo co diagnóstico psico-pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagogía Terapéutica elaborariámos, a adaptación curricular necesaria.

A diversidade derivada do interese dos alumnos atenderase a través dunha metodoloxía plural para que cada alumno aprenda dacordo coa súa situación persoal. Na programación tense en conta unha serie de aspectos que permiten individualizar o máis posible o proceso de ensino-aprendizaxe.

Para iso adóptanse as seguintes medidas:

- a) Distinguir entre contidos prioritarios, complementarios e de ampliación elixíndose en cada caso o máis apropiado.
- b) Proponer variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os alumnos realizarán as mesmas actividades.
- c) Utilizar metodoloxías diversas.
- d) Ofrecer ao alumno todo o material necesario que dispón o departamento aula de debuxo así como o material bibliográfico do que se dispón na biblioteca.
- e) Empregar materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
- f) Alongar ou acortar o tempo de actividades e traballos segundo as necesidades.
- g) Favorecer agrupamentos en clase que posibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Os grupos de traballo non estarán sempre formados por os mesmos alumnos senón que estarán en función da tarefa a realizar.
- h) Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.

17. TEMAS TRANSVERSAIS

Os temas transversais preséntanse coma un conxunto de contidos que interactúan en tódalas áreas do currículo escolar e o seu desenvolvemento afecta a globalidade do mesmo; non se trata pois dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos sumamente globalizados.

Pártese do convencemento de que os temas transversais deberán estar integrados na actividade docente e presentes na aula de forma permanente, xa que se refíren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

De forma xeral e sempre que sexa posible o enfoque dos exercicios e traballos partirán da elección dun tema transversal de interese. Consumo sostible, vida saudable e publicidade son amplamente abordados nos diferentes cursos dentro da materia. O respecto ao medio ambiente abórdase tamén nos exercicios de representación paisaxística ou na realización e deseño de campañas publicitarias, a educación para a paz en traballos de deseño, debuxo e ilustración, e a igualdade a tolerancia e a convivencia na análise publicitaria, na participación e no traballo en grupo. O papel da muller na cultura e na arte trátase mediante a análise crítica de obras de arte e de mensaxes publicitarias, tanto como suxeito pasivo ou tema central da obra como protagonista da creación cultural e artística. A educación viaria trátase no estudo e deseño de sinalética.

Entre os temas transversais que teñen unha presenza relevante nesta etapa destacamos:

-Educación moral e cívica

Pretende o desenvolvemento moral da persoa e educar para a convivencia no pluralismo mediante un esforzo formativo nas seguintes direccións:

*Desenvolver o xuízo moral atendendo a intención, fines, medios e efectos dos nosos actos.

*Desenvolver actitudes de respecto cara ós demais.

*Fomentalo coñecemento e a valoración das demais culturas.

*Coñecer e exercer as formas de participación cívica, o principio de legalidade, ademais dos dereitos e deberes constitucionais.

*Exercitar o civismo ea democracia no aula.

-Educación para a saúde

*Parte dun concepto integral de saúde coma benestar físico e mental, individual, social e medioambiental, plantéxanse dous tipos de obxectivos:

Adquirir-lo coñecemento progresivo do corpo, das principais anomalías e enfermidades, eos modos de previlas e curalas.

Desenvolver hábitos de saúde: hixiene corporal e mental, alimentación axeitada, prevención de accidentes, e normalización da relación co persoal sanitario.

Non se pode dissociar da educación para a comprensión internacional, a tolerancia, o desarme, a non violencia, o crecemento ea cooperación. Persegue os obxectivos prácticos:

Educar para acción, as leccións da paz a evocación das figuras e o coñecemento das organizacións comprometidas coa paz xerarán estados de conciencia e conductas prácticas.

Entrenarse para a solución dialogada dos conflitos no ámbito escolar.

-Educación do consumidor

Plantexa estes obxectivos:

Adquisición de esquemas de decisión que consideren tódalas alternativas de consumo e efectos individuais, sociais, económicos e mediambientais.

Desenrolar o coñecemento dos mecanismos de mercado, así coma dos dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.

Creación dunha conciencia do consumidor responsable que se sitúa críticamente ante o consumismo e a publicidade.

- Educación para a igualdade

A educación para a igualdade plantéxase expresamente pola necesidade de crear dende a escola unha dinámica correctora das discriminacións. Os obxectivos son os seguintes:

Desenrolar a autoestima e a concepción do corpo coma expresión da personalidade.

Analizar críticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e a súas manifestacións na linguaxe, na publicidade, nos xogos, profesións, etc.

Acadar habilidades e recursos para a realización de calquera tipo de tarefas, domésticas ou non domésticas.

Consolidar hábitos non discriminatorios.

-Educación ambiental

Os obxectivos serán os seguintes:

Adquisición das experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.

Desenrolar a conciencia de responsabilidade ao respecto de do medioambiente global.

Desenrolar as capacidades e técnicas para relacionarse co medioambiente sen contribuir ó seu deterioro, así coma os hábitos individuais de protección do medio.

Plantéxase coma esixencia natural da formación integral da persoa. Os seus obxectivos fundamentais son os seguintes:

Adquirir información suficiente e científicamente sólida de estos aspectos: anatomía e fisioloxía de ambos sexos; maduración sexual; reprodución humana; prevención de embarazos; enfermidades venéreas e de transmisión sexual, etc.

Consolidación dunha serie de actitudes básicas: autodominio en función de criterios e conviccións; naturalidade no tratamento dos temas relacionados coa sexualidade; criterios de prioridade no caso de conflitos entre o exercicio da sexualidade eo risco sanitario; hábitos hixiénicos, etc.

Proporcionar criterios para a elaboración de suizos morales sobre os delitos sexuais, a prostitución, a utilización do sexo na publicidade, a pornografía, a reprodución asistida, etc.

-Educación vial

Propóñense os obxectivos fundamentais:

Desenrolar xuízos morales sobor da responsabilidade humana nos accidentes e outros problemas de circulación.

Acadálas conductas e hábitos de seguridade como peatóns e coma usuarios de vehículos.

18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Debido ao carácter interrelacional do proceso de ensino-aprendizaxe, o profesor de debuxo tamén deberá revisar continuamente a súa labor docente na medida que os resultados acadados non respondan ás previsións. A avaliación, polo tanto, afecta a todos os implicados no proceso educativo no cal se dan relacións humanas recíprocas que serán máis enriquecedoras na medida en que todos os suxeitos aporten o mellor de si mesmos.

O profesor avaliará os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro os obxectivos do currículo, e tamén en relación ás necesidades educativas do centro e ás características específicas dos alumnos.

Os resultados da avaliación da aprendizaxe dos/as alumnos/as e do proceso de ensinanza, servirán para modificar aqueles aspectos da programación educativa e do proxecto curricular que se detectaron como pouco axeitados ás características dos alumnos/as e ao contexto do centro.

Para levar a cabo o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica, así como o seu rendemento e a súa posterior revisión e adaptación, caso de seren detectados

desaxustes, este departamento empregará as seguintes ferramentas e procedementos na medida que se revelen necesarios:

- Reunións do departamento e das coordinacións da ccp
- Enquisas de autoavaliación do alumnado
- Enquisas de autoavaliación do profesorado
- Guías de análise
- Enquisas ao alumnado e ao profesorado

CUESTIÓNS	Si/ Non	Xustificación	Observacións
Acadáronse os obxectivos previstos? En que porcentaxe?			
Fixose algún cambio nos contidos?			
Variouse nalgún aspecto a metodoloxía?			
Axustouse ben ó tempo?			
Utilizamos todos os recursos previstos?			
Cales actividades e recursos deron mellor resultado?			
Efectuouse algunha modificación na avaliación?			
Estivo motivado e implicado o alumnado en xeral?			
Cales foron os maiores intereses do alumnado?			
É aconsellable introducir algún cambio?			

ASPECTOS	DESTACAMOS	A MELLORAR	PROPOSTAS
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da Unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas Estratexias metodolóxicas Seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			

19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES

Como posibles actividades estarían:

- Mostra de deseños conmemorativos do 25N (contra a violencia de Xénero) nas instalación do centro, feitos polo alumnado de 4º ESO de EPVA
- Taller de esbozo e debuxo ao aire libre pola vila de A Estrada, para o alumnado de 4º ESO de EPVA
- Charla-coloquio e taller dun estudo de arquitectura ou deseño industrial para o alumnado de 2º bacharelato de Debuxo Técnico II

Ademáis da realización de visitas a algunha exposición artística que tivera lugar na cidade de Santiago de Compostela durante os meses do curso ou a visita comentada e guiada a algún dos edificios monumentais da cidade, seguida da realización dunha práctica gráfica. Tamén ven sendo habitual no noso centro a participación do alumnado de educación plástica, dende a vertente propia da materia, en actividades organizadas por outros departamentos: montaxe de exposicións, escenografías, entroido, deseños de rotulación e cartelística, semana da ciencia, etc. Todas as citadas son actividades que non requiren unha planificación previa con datas moi concretas nin unha dotación económica ou infraestrutura especial, polo que se poden realizar no momento do curso que se considere máis oportuno. Asemade, como xa queda dito, o departamento está aberto á realización de actividades que, con criterios de transversalidade, propoñan outros profesores ou departamentos do centro.

20. ACCIÓN PARA O PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs

As TICs teñen unha importancia cada vez máis grande no mundo en que vivimos, e o campo do ensino non pode ser alleo a isto. Esta importancia incrementase aínda máis, se cabe, cando falamos do campo da imaxe e da comunicación visual. Aspectos como o uso de internet e dos soportes e ferramentas dixitais non pode quedar fora do marco pedagóxico e curricular. O coñecemento e uso de programas informáticos como Auto Cad ou Fotoshop está cada día máis xeneralizado e é laboura dos docentes de debuxo técnico para conseguir que o alumnado coñeza e comece a tomar contacto cos devanditos medios, sen esquecer que a aprendizaxe instrumental debe estar sempre supeditada a criterios pedagóxicos e a unha visión crítica e analítica das novas tecnoloxías.

21. PROXECTO LECTOR DO CENTRO

O proxecto lector de centro está pensado para desenvolver a medio prazo e, a partir da análise do contexto en materia de lectura, debe articular todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

Para a consecución dos devanditos obxectivos, os centros educativos deberán tomar decisións consensuadas que permitan:

- * A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- * A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura e o desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.
- * O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.
- * O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles. A formación da lectura comprensiva exige, pola súa vez, un traballo

progresivo e continuado. Traballárase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar esta ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

Para o presente curso, no Departamento de Debuxo axustaremos a actividade ao plan de coordinación elaborado pola dirección do centro. Tomaremos como eixo vertebral para as actividades relacionadas co Proxecto Lector o achegamento do alumnado á chamada literatura artística, isto é, todo o extenso campo que vai desde os libros de divulgación (enciclopedias, monografías sobre artistas, etc.) ate ensaios, artigos e libros de historia e crítica de arte.

Tomando isto como base tentarase que o alumnado habitúese a consultar e manexar os fondos bibliográficos do departamento e da biblioteca do centro, combinado todo isto tamén coa utilización de medios audiovisuais.

O Departamento de Artes Plásticas concorda cos obxectivos e prantexamento do proxecto lector e, como non podería ser doutro xeito, fará canto estea na súa man por lévalo adiante. Con todo, considerase importante suliñar que a materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual perdeu desde o 2007 unha hora lectiva en 1º de ESO, malia que os contidos curriculares seguen a ser practicamente os mesmos. Se a isto engadimos os segmentos lectivos que deberán ser destinados ao Proxecto Lector, a temporización de contidos queda excesivamente comprimida, cousa que, como todos sabemos, non é o mellor desde o punto de vista pedagóxico.

Seguimento e valoración do Proxecto Lector.

Realizaráse unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia lectora e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal

2º DE BACHARELATO

22. INTRODUCCIÓN

O Debuxo Técnico II require coñecementos de Debuxo I. O Debuxo técnico permite expresar o mundo das formas de maneira obxectiva fronte ao modo subxectivo que conduce a representación icónicas e persoais, gracias a esta función comunicativa pódense transmitir, interpretar e comprender de forma biunívoca, proxectos e ideas plasmadas de forma gráfica.

Esta comunicación é posible pola utilización dunha serie de convencionalismos e normas que garanten o carácter obxectivo fiable e restituíbel da representación. O debuxo técnico faise imprescindible coma medio de comunicación en calquera proceso tecnolóxico e productivo que precise da representación gráfica das ideas e das formas que o compoñen para manifestar, visualizar e definir o que se está deseñando, creando ou producindo.

Os contidos das materias de Debuxo Técnico I e II desenrólanse ao longo dos dous cursos de bacharelato. No primeiro curso proporciónase unha visión xeral e instrumental da materia mediante a representación con distintos graos de profundidade, dos contidos que se consideran básicos, profundizando no segundo curso e completando con outros novos.

A adquisición dos coñecementos e habilidades gráficas da materia pódense concretar en tres fases. Na primeira preténdese fomentar a capacidade de comprender e representar a realidade espacial mediante procedementos gráficos; na segunda o desenrolo das habilidades e a súa aplicación, a resolución de problemas formales e espaciales e na terceira a capacidade de resolver problemas reais derivados do mundo da tecnoloxía, da edificación e a enxeñería.

Os contidos da materia pódense agrupar en tres grandes apartados interrelacionados entre si:

A xeometría métrica aplicada para resolver problemas xeométricos e de definición ou configuración de formas no plano; a xeometría descriptiva para representar sobor do un soporte bidimensional, formas, superficies e corpos volumétricos situados no espazo e a normalización para simplificar, unificar e obxectivar as representacións gráficas de carácter técnico.

23. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan: a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade. b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico.

Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade. d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras. g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social. i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida. l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego. m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables. o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria. p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

O debuxo técnico no bacharelato há de contribuir a que os alumnos adquiran as seguintes capacidades:

A ensinanza do debuxo técnico no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Utilizar adecuadamente e con destreza tanto os instrumentos como a terminoloxía específica do debuxo técnico.
- Valorar a importancia que ten o correcto acabamento e a presentación do debuxo no referido á diferenciación dos distintos trazos que o configuran, a súa exactitude e a limpeza e o coidado do soporte.
- Considerar o debuxo técnico como unha lingoaxe científica, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe para poder expresar e comprender a información.
- Coñecer e comprender os principios fundamentais da xeometría métrica aplicada para resolver problemas de configuración e descrición de formas no plano.
- Comprender e empregar os sistemas de representación para resolver problemas geométricos no espazo e representar figuras tridimensionais no plano.
- Valorar a universalidade da normalización no debuxo técnico e aplicar as principios normas UNE e ISO referidas á obtención, posición e acoutamento das vistas das formas descritas.
- Conseguir a destreza e a rapidez necesarias ao empregar o esbozo e a perspectiva a man alzada como medios de expresión gráfica.

- Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera construción geométrica tanto de forma individual como colectiva, sendo capaces de establecer con flexibilidade e responsabilidade as relacións necesarias naquelas actividades que requiran dun traballo colectivo.
- Integrar os coñecementos de debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicacións da vida cotiá, revisando e valorando o estado de consecución do proxecto ou actividade sempre que sexa necesario.
- Interesarse polas novas tecnoloxías e os programas de deseño, utilizando e valorando as súas posibilidades na elaboración dos planos técnicos dun proxecto.

24. PROGRAMACIÓN PARA DEBUXO TÉCNICO DE 2º DE BACHARELATO

Obxectivos do curso

- Entende-lo debuxo técnico como unha linguaxe universal que nos permite expresar gráfica e obxectivamente unha realidade.
- Desenvolve-las destrezas necesarias para expresarse cos Instrumentos específicos do debuxo, utilizando as técnicas gráficas axeitadas e ofrecendo solucións claras, precisas e obxectivas.
- Desenvolve-la visión espacial para ser quen de relacionar, Situar e compara- las formas tanto no espazo real como a súa correspondencia no espazo do debuxo.
- Coñecer e comprende-las regras do debuxo técnico para Interpreta-la representación de formas como imaxe da realidade.
- Utilizar os métodos e coñecementos propios do debuxo técnico na investigación e solución razoada de problemas científicos e técnicos.
- Aceptar a normalización como convencionalismo universal que simplifica e facilita o entendemento da representación ou racionalizar a produción dunha determinada realidade.
- Coñecer e respecta-las principais normas (UNE e ISO), na execución de planos técnicos.
- Desenvolver a destreza expresiva necesaria para trazar Bosquexos a man alzada, rexistrando os aspectos fundamentais de forma, orientación, proporción, detalles, medida, etc. dunha determinada realidade.

- Valorar a importancia da presentación, o correcto acabado, a exactitude, a limpeza e o coidado do soporte.
- Planificar e reflexionar sobre o proceso de realización de calquera construción xeométrica, tanto de forma individual como colectiva.
- Integrar os coñecementos do debuxo técnico dentro dos procesos tecnolóxicos e en aplicación da vida cotiá.
- Interesarse polas novas tecnoloxías e o uso de programas de deseño, valorando a súa utilidade e posibilidades.

25. DEBUXO TÉCNICO 2º BACHARELATO LOMCE.

Relación dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolución de problemas xeométricos. ▪ B1.2. Proporcionalidade. Rectángulo áureo. Aplicacións. ▪ B1.3. Construción de figuras planas equivalentes. ▪ B1.4. Relación entre os ángulos e a circunferencia. Arco capaz. ▪ B1.5. Aplicacións. ▪ B1.6. Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Determinación e propiedades do eixe radical e do centro radical. Aplicación á resolución de tanxencias. ▪ B1.7. Inversión. Determinación de figuras inversas. Aplicación á resolución de tanxencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz, dos eixes e centros radicais e/ou da transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.1. Identifica a estrutura xeométrica de obxectos industriais ou arquitectónicos a partir da análise de plantas, alzados, perspectivas ou fotografías, sinalando os seus elementos básicos e determinando as principais relacións de proporcionalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.2. Determina lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia ou inversión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.3. Transforma por inversión figuras planas compostas por puntos, rectas e circunferencias describindo as súas posibles aplicacións á resolución de problemas xeométricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DT2.B1.1.4. Selecciona estratexias para a resolución 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE

Debuxo Técnico II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			de problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e transformándoos por analoxía noutros problemas máis sinxelos.	
			<ul style="list-style-type: none"> DT2.B1.1.5. Resolve problemas de tanxencias aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, e indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> b d e g i l 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Trazado de curvas cónicas e técnicas. B1.10. Curvas cónicas. Orixe, determinación e trazado da elipse, a parábola e a hipérbola. B1.11. Curvas técnicas. Orixe, determinación e trazado das curvas cíclicas e envolventes. B1.12. Resolución de problemas de pertenza, tanxencia e incidencia. Aplicacións. B1.13. Homoloxía. Determinación dos seus elementos. Trazado de figuras homólogas. Aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Debuxar curvas cíclicas e cónicas e identificar os seus principais elementos, utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia. 	<ul style="list-style-type: none"> DT2.B.1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións. DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado. DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
